

RUTAS AO AIRE LIBRE

Ventureira, As Fragas do Eume

23 de maio de 2026



DATA: sábado 23 de maio de 2026

HORARIO:

- **Quenda de mañá:** hora de inicio 10.00 h
Hora prevista de finalización 14.00 h

PUNTO DE SAÍDA E CHEGADA

[CX43+JJ, 15613 A Ribeira, A Coruña](#)

TELÉFONO DE CONTACTO (só para o día da ruta):

636 55 74 91

RECOMENDACIÓN: acudir con calzado cunha boa suxeición, gorra, crema solar e bastóns.

DESCRICIÓN:

Ruta circular de aproximadamente 10.5 quilómetros que comeza na ponte de Ventureira, segue o percurso do Eume por unha fermosa senda, que atravesa un ben conservado bosque de ribeira no encaixado canón ata o mosteiro de Caaveiro, que poderemos visitar. Neste punto, alcanzaremos a senda dos Encomenderos, unha delicia que nos achegará ao muiño e ponte do Sesín. Chegaremos de novo ao mosteiro e voltaremos á Ventureira pola outra marxe do Eume.

Puntos de interese: mosteiro de Caaveiro, antiga central de Ventureira, bosque termófilo atlántico, regatos e fervenzas, muiño e ponte do Sesín.

Entorno natural:

Bosque de ribeira mesturado con fraga atlántica, abundancia de fentos e musgos .

NIVEL DE DIFICULTADE: baixa.


DISTANCIA: 10,4 km


DURACIÓN APROXIMADA: 3 horas e 15 minutos + paradas

GRUPO MÍNIMO/MÁXIMO: 8 - 35 persoas



MAPA:





DATOS MIDE:

MIDE			
Horario – 3h e 15 min		Severidade do medio natural - 2	
Desnivel de subida - 250m		Orientación no itinerario - 2	
Desnivel de baixada - 250 m		Dificultade no desprazamento - 2	
Distancia horizontal - 10,38km		Cantidade de esforzo necesario - 2	
		Tipo de percorrido - Circular	

COMO INTERPRETAR A LENDA MIDE	
	<p>Medio. Severidade do medio natural</p> <ol style="list-style-type: none"> 1 O medio non está exento de riscos 2 Hai máis dun factor de risco 3 Hai varios factores de risco 4 Hai bastantes factores de risco 5 Hai moitos factores de risco
	<p>Itinerario. Dificultade de orientarse no itinerario</p> <ol style="list-style-type: none"> 1 Camiños e cruzamentos ben definidos 2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade 3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais 4 Esixe técnicas de orientación e navegación fóra de traza 5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear
	<p>Desprazamento. Dificultade no desprazamento</p> <ol style="list-style-type: none"> 1 Marcha por superficie lisa 2 Marcha por camiños de ferradura 3 Marcha por sendas dispostas en chanzos ou terreos irregulares 4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio 5 Require pasos de escalada para a progresión
	<p>Esforzo. Cantidade de esforzo necesario</p> <ol style="list-style-type: none"> 1 Ata 1 h de marcha efectiva 2 Máis de 1 h e ata 3 h de marcha efectiva 3 Máis de 3 h e ata 6 h de marcha efectiva 4 Máis de 6 h e ata 10 h de marcha efectiva 5 Máis de 10 h de marcha efectiva
<p><small>Calculado segundo os criterios do MIDE para un excursionista medio pouco cargado O MIDE está recomendado pola Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME)</small></p>	